



2015



MEMORIA
2015

SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ MANCOMUNIDADE DE ORDES

ANTECEDENTES

O Servizo de Atención Temperá da Mancomunidade de Ordes, situado no concello de Ordes, funciona para toda a comarca dende outubro de 2008.

O obxectivo principal do servizo é atender ás necesidades de intervención de contido social que se detectan nas familias dos nenos e nenas da comarca de Ordes para complementar a atención sectorial que se presta dende os ámbitos sanitario e educativo, abordando a prevención en todos os seus graos, primaria, secundaria e terciaria.

O servizo ten como piares fundamentais os principios recollidos no “Libro Blanco de Atención Temprana” e segue as recomendacións técnicas e os estándares de calidade publicados polo Real Padroado de Discapacidade.

POBOACIÓN DESTINATARIA

Poboación infantil de 0 a 6 anos da comarca de Ordes

- Nenas e nenos con trastornos ou necesidades permanentes.
- Nenas e nenos con trastornos ou necesidades transitorias.
- Nenas e nenos en risco biolóxico ou social.

Poboación infantil de 7 a 12 anos con discapacidade (certificado de discapacidade superior ao 33%) que precise intervención especializada.

Familias e profesionais vinculados ao eido da primeira infancia da comarca de Ordes.

OBXECTIVOS XERAIS DO SAT

1. Ofrecer unha intervención especializada de cara ao óptimo desenvolvemento dos nenos e nenas.
2. Actuar como medida de prevención da dependencia social e de promoción do benestar.
3. Promover a integración dos nenos e nenas con discapacidade ou desenvolvemento atípico no seu contorno próximo.

Dende o SAT trátase de acadar os obxectivos seguindo as recomendacións da Comisión Europea, dende a cal se establecen como obxectivos principais da atención temperá os seguintes tipos de actuacións

Multidimensionais

Centradas na familia e no contorno natural do/a menor

Planificadas na programación individual de traballo

FUNCIÓNS DO SERVIZO

1. Valoración e atención de situacións de risco para o desenvolvemento do/a neno/a.
2. Valoración para a intervención nas dificultades en distintas áreas do desenvolvemento: psicomotriz, cognitiva, comunicativa e adaptativo-social.
3. Tratamento individual e específico para cada neno/a, a súa familia e o seu contorno.
4. Colaboración e asesoramento técnico coas entidades sanitarias, sociais e educativas para a integración do/a neno/a e para a prevención de situacións de risco.
5. Divulgar e informar en todos os ámbitos sanitarios, educativos e sociais sobre a importancia da detección, prevención e intervención precoz.
6. Actuar como medida de protección da primeira infancia ao tempo que medida de contención dos sistemas familiares con menores en risco.

PROFESIONAIS

Profesionais actuais cos que conta o servizo

- Unha Licenciada en Psicoloxía a tempo completo.
- Unha Diplomada en Logopedia a tempo completo.
- Unha Licenciada en Psicopedagogía a media xornada.
- Unha Diplomada en Logopedia a media xornada.

METODOLOXÍA

Eixo individual

A metodoloxía da intervención individual establécese da seguinte maneira:

1. Detección do trastorno.
2. Estudo e diagnose contrastada.
3. Programa de intervención individual.
4. Seguimento da intervención.
5. Avaliacións parciais do plan de intervención.
6. Avaliación final.
7. Alta no servizo e/ou derivación a outros servizos.

8. Seguimento (de ser o caso).




Gráfico 1: Esquema da intervención no SAT

Eixo comunitario

A metodoloxía da intervención comunitaria establécese da seguinte maneira:

1. Elaboración dos materiais específicos: guías, artigos, presentación.
2. Organizar e executar as actividades divulgativas/ comunitarias:


Impresión e divulgación do material (guías)

Actualización da páxina web.

Elaboración das presentación das charlas nos colexios.

MEMORIA DE ACTIVIDADES

Distribución do número de casos atendidos no ano 2015.



Número de nenos e nenas e as súas familias en atención individual durante o ano 2015	163
Número de usuarios/as activos/as decembro 2015	103
Número de altas durante 2015	62

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS. DETALLE CUANTITATIVO

Mes	Entrevistas iniciais/acollida Sesi3ns de valoración e devolución de resultados	Sesi3ns de intervenci3n	Sesi3ns de seguimento	Acci3ns de coordinaci3n
Xaneiro	24	219	3	5
Febreiro	13	200	2	3

Marzo	16	276	7	8
Abril	17	267	6	4
Maio	11	234	9	11
Xuño	14	271	7	2
Xullo	24	298	8	1
Agosto	18	222	9	2
Setembro	8	217	10	3
Outubro	6	215	5	0
Novembro	7	247	7	6
Decembro	6	257	3	4
Total	136	2937	75	50

Accións comunitarias:

- Divulgación e distribución do traballo “Aprendemos coa nosa tradición”. (Pode consultarse a versión en liña en servizos mancomunados de www.mancomunidadeordes.org)

- Elaboración de artigos vinculados ao desenvolvemento infantil e publicitación na páxina web. (Poden consultarse en www.mancomunidadeordes.org; servizos mancomunados: atención temperá)

-Xornada formativa dirixida ao profesorado: A diversidade: Ferramentas para a inclusión. Colexio da Silva. Cerceda

-Xornada-Encontro con familias dos nenos do CRA de Oroso. Atención Temperá, a importancia da familia.

Detalle accións de coordinación por meses. Entrevistas presenciais e accións de coordinación

Mes	<i>Entrevistas/reunións de coordinación</i>
Xaneiro	07/01/2015 Escola infantil A Granxa 14/01/2015 Colexio Xanceda 28/01/2015 Colexio Castelao 28/01/2015 Escola Infantil A A Ulloa 28/01/2015 Colexio Campomaioir
Febreiro	04/02/2015 Colexio San Jorge 23/02/2015 Colexio O Mesón 25/02/2015 Colexio Lavacolla
Marzo	04/03/2015 Colexio Sigüeiro 11/03/2015 Escola Infantil Sorrisos 11/03/2015 Colexio Campomaioir 11/03/2015 Centro psicopedagóxico Gaia 18/03/2015 Colexio Oroso 18/03/2015 Centro psicopedagóxico Ensinarte 25/03/2015 Colexio Tordoia 25/03/2015 Colexio Campomaioir
Abril	08/04/2015 Colexio A Silva 15/04/2015 Escola de Visantofía 15/04/2015 Escola con Talento 30/04/2015 Centro Alumar
Mai	06/05/2015 Colexio Trazo 06/05/2015 Colexio Campomaioir 04/05/2015 A Ulloa 04/05/2015 Colexio Sigüeiro 05/05/2015 Colexio Xanceda 05/05/2015 Colexio A Silva 07/05/2015 Colexio Castelao 13/05/2015 Colexio Ponte Carreira 20/05/2015 Centro Ensinarte 20/05/2015 Colexio Tordoia 27/05/2015 Colexio Oroso
Xuño	01/06/2015 Colexio San Jorge 10/06/2015 Colexio Lavacolla
Xullo	22/07/2015 Reunión Educadora Familiar Oroso
Agosto	18/08/2015 Centro Psicopedagóxico Alumar 7/08/2015 Centro Escola con Talento
Setembro	14/10/2015 Centro Escola con Talento 26/10/2015 Colexio Barouta 28/10/2015 Escola Infantil A Ulloa
Novembro	04/11/2015 Colexio Ponte Carreira 06/11/2015 Colexio Oroso 18/11/2015 Colexio San Jorge 24/11/2015 Colexio A Silva 25/11/2015 Colexio O Mesón 25/11/2015 Colexio Castelao Ordes
Decembro	02/12/2015 Colexio Oroso 09/12/2015 Colexio Castelao Ordes

	09/12/2015 Psicóloga Ensinarte 16/12/2015 ASPANAES e Colexio Oroso
Total	49 reunións de coordinación

**Nesta táboa non se reflicten as accións de coordinación vía informe, nin a coordinación vía telefónica ou correo electrónico.*

ACTUACIÓNS DE CALIDADE. INDICADORES:

1. Formación:

Curso Actualización en Trastornos do Espectro Autista. 13 de xuño. A Coruña

Congreso Catalán de Logopedia. 9, 10 e 11 de xullo. Barcelona.

Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagogía. 1, 2, 3 e 4 de setembro. A Coruña

Curso Trastorno Específico da Linguaxe. 5 e 6 de setembro. Madrid

IV Congreso Internacional de Atención Temperá e Educación Familiar. USC 10,11 e 12 de setembro

Curso Plan de Formación da Consellería de Benestar. A coordinación nos Servizos Sociais comunitarios, saúde e educación coa Rede de A.T. 19, 20 e 21 de outubro. Santiago

Curso Atención Temperá e Familia. 7 de novembro. Santiago

O proceso de actuación en atención temperá. A intervención técnico- profesional. Escola Galega de Administración Pública os días 18,19 e 20 de novembro

Integración Sensorial. Asociación Galega de Atención Temperá. 28 de novembro

Comprender para ensinar a ler. Alumnado con desenvolvemento típico e alumnado con dificultades. 16 de maio

Comunicación e linguaxe en nenos pequenos con TEA. CPLG, 13 xuño

Técnicas e recursos relacionais para a práctica da psicomotricidade en Atención Temperá. AGAT, 9,23 e 30 de maio

Neuropsicoloxía en At. Retos na avaliación e intervención nos trastornos do neurodesenvolvemento. 25 e 26 de abril

Apego e psicoterapia. 22 e 23 maio

Comunicación e linguaxe en nenos pequenos con TEA. 13 xuño

Integración sensorial. 28 novembro

Necesidades afectivas especiais. Detección e intervención en contextos psicoeducativos 17 xaneiro

2. Outras accións no eido da atención temperá:

Colaboración como membro da xunta directiva de AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá)

Colaboración como membro da xunta directiva co CPLGA (Colexio Profesional de Logopedas de Galicia)

Elaboración de cuestionarios de calidade para as familias nos que se recollen as súas impresións sobre os servizos así como as propostas de mellora

Elaboración e adaptación dos procedementos do expediente aos requirimentos do novo Protocolo de coordinación e intervención na Rede Galega de Atención Temperá

3. Compromiso co emprego da lingua galega no servizo

No Servizo de Atención Temperá úsase o galego como lingua de referencia para a elaboración de informes e programacións individuais correspondentes aos usuarios e usuarias do servizo, así como nas sesións de intervención directa realizadas, tanto no eixo individual como no eixo comunitario.

Tamén se empregou a lingua galega no programa divulgativo “Aprendemos coa nosa tradición”, así como para os diferentes artigos publicados na páxina web.

Ordes. 22 de febreiro de 2016

A Psicóloga do SAT

Raquel Boquete Orgeira
Nº Colex. G-3443

A Psicopedagoga do SAT

Patricia García González

A Logopeda do SAT

Iria Botana Lois
Nº Colex. 15/004

A Logopeda do SAT

Lidia Méndez García
Nº Colex. 15/0381